

Epílogo

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2003]). “Epílogo”. En Víctor Campio Pereira González, *O aire, a luz e o canto*. Santiago de Compostela: PEN Clube de Galicia, 233-239. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/488>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (2003). “Epílogo”. En Víctor Campio Pereira González, *O aire, a luz e o canto*. Santiago de Compostela: PEN Clube de Galicia, 233-239.

* Edición dispoñíbel desde o 21 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

EPÍLOGO

Xesús Alonso Montero

Unhas palabras de gratitude e de devoción para un libro de sempre, case insólito hoxe. Palabras de gratitude tamén para o P. E. N. Clube de Galicia, institución que, enriquece vizosamente o mapa europeo da poesía contemporánea con este “corpus” dun escritor ata o de agora case inexistente. Porque Víctor Campio Pereira, xa cumpridos os oitenta anos, é un poeta só coñecido por uns cantos amigos en Ourense, e, en Galicia, por un número exiguo de lectores moi atentos.

Os poemas deste extraordinario “corpus” –*O aire, a luz e o canto*– son, practicamente, todos os textos poéticos que, ó longo da súa vida, escribiu este nobre cidadán que foi, durante moitos anos, profesor de Literatura, excelente e entregado profesor de palabras. No volume –velaquí o primeiro asombro– non hai poemas ocasionais nin menores: son, todos eles, dignos dunha antoloxía do autor.

Son textos que escribiu –e, algunhas veces, publicou– un poeta que nunca fixo ruído, que nunca aturuxou e que nunca, porque non sabe, publicitou as súas palabras. Non sen esforzo, algúns íntimos téñenlle arrincado copias de certas composicións, especialmente dalgún soneto, [234] xénero no que Víctor Campio é mestre exemplar. Hai quince ou dezaseis anos, deslumbrado eu por un deses sonetos (“Se chego no solpor...”), deslumbrado e conmovido, escribín un artigo que era un ditirambo, tanto que o titulei “Noventa e dúas palabras de ouro”. Afirmaba eu daquela, e non estou repesante, que se trataba dunha páxina que “debería figurar nunha antoloxía da sonetística universal”. Teño amigos en Ourense –sobre todo entre o profesorado de Instituto– que me agasallan, nalgún encontro, recítándome. O presente volume confirma elocuentemente o talento de Víctor Campio Pereira para o soneto: sonetos ós poetas portadores de luz (Rosalía, Curros...), sonetos ó neno que Víctor Campio foi (“Náufrago”, “Ese neno...”), sonetos ós soños que o poeta tivo (“Can perdido”, “Soñeiro”)...

“Se canta lo que se pierde”, sentenciou don Antonio Machado, e nisto tamén Víctor Campio é un poeta de sempre, un poeta clásico. O soneto “Ampárome no soño”, que non é inferior a “Se chego no solpor...”, foi suscitado pola perda de Isabel Nolasco, a súa amada e inesquecible esposa. Por este gran poeta honra o xénero elexíaco, fóra do soneto, noutras [235] composicións verdadeiramente antolóxicas: “Nai”, “Pai” e “Non te verei”, de novo sobre o tema da muller amada e perdida.

Víctor Campio, poeta tradicional e moderno, está de cheo na estética da vida, con frecuencia na da súa realidade vital, sempre transmutada en palabras de arte, en palabras de poeta. Neses poemas, a Víctor Campio abróllanlle desde dentro, desde as mellores raíces

idiomáticas, voces e modos de dicir que o converten, hoxe por hoxe, no poeta galego de expresión máis rica, prodixiosa e axustada.

Poemas hai, neste volume, que foron escritos en tempos políticos de miseria e estreteira: en 1950 ou pouco despois. Son os anos nos que Celso Emilio Ferreiro ideou ou escribiu algunhas das páxinas de *Longa noite de pedra* (1962). O lector debería reparar en composicións como “Perdémonos”, “Amor en tronzadura”, “Forca alzada”, “Estou aquí”, e “Roubáronnos”. Son composicións que pertencen, ó seu modo, á poesía civil, unha poesía civil, na pluma de Víctor Campio Pereira, rica en matices, moi depurada. Hai nesas páxinas, laio e [236] denuncia, denuncia implícita. O poeta é capaz desta formulación:

“En Pangañar había homes labregos,
nais de loito fondo,
mozos fuxidos polo monte
e forca alzada.

En Pangañar había nubes negras,
sol de espanto

no ceo tremecido
e forca alzada.”

Ou destoutra:

“Témero Polifemo vestido de caqui
co seu único ollo sorrindo,
co seu garfo perfurando as tebras
na procura de min.

[...]

No medio e medio do terror da noite
eu pego un berro fondo,
longo ladro de can acantazado,
e desperto deste pesadelo.”

Estas formulacións, non publicadas daquela (arredor de 1950), eran a terapia dun cidadán aterrorizado que recorría ó verso para espantar, máis ca denunciar, o seu medo e o medo da xente toda.

O noso autor, en tempos menos censorios, escribe un soneto maxistral, “Defensa do trigo”, “comentario” a dous [237] versos do poeta paraguaio Elvio Romero (“¡Ah, Juan, nos hace falta/un aborígen rifle rastrojero!”). Víctor Campio, home de paz, alega nos primeiros versos que

“...non estou contigo
nin estou con ese aborixe rifle arteiro.”

Pero o poeta, home de paz, tamén é home que considera suprema a causa da xustiza, causa que, se é atacada, esixe de nós outras decisións.

“—Pero se o gringo... ¡Ah, se o gringo! Entón,
Se as túas tragalías ó tempero
do sol andino, terras ermas son

baixo a bota do Pálido Inimigo,
entón estou contigo, Elvio Romero,
e con teu rifle, defendendo o trigo.”

En calquera caso, o escritor ourensán, que se bate en lexítima defensa, está moi lonxe daqueles versos de Valle-inclán, ineludibles nesta ocasión:

“Lo primero, sembrar el trigo,
y después.
Matar al encomendero.”

Non hai capítulo neste volume sen nobreza, sen grandeza de espírito, dúas das evidentes virtudes do autor. Mesmo os [238] poemas que compoñen o “Retablo sacro” confortan o ánimo dun ateo, porque os poetas poetas sempre van máis alá da ollada convencional ou tradicional.

En Víctor Campio Pereira nunha hai concesións que non sexan á poesía, á palabra poética. Só nunha ocasión, que se saiba, o sentimento de amizade moveu a súa pluma nun sentido pouco favorable á causa poética. Eu fun naquela data, a da miña xubilación (1999), o destinatario do soneto “Brinde”, o destinatario destas “concesións”:

“esa alta luz, en Marx abandeirada,
redentora da noite, clara e pura,
esa luz vive en ti e en ti perdura,
mosaica silva ardendo inacabada.

Eu amo o seu fulgor, nesa luz creo,
que é luz de sol dourando a flor do trigo
para os pobres da terra, orfos do ceo.”

O de Garabás, paradigma de poeta puro, de poeta só comprometido coas palabras auténticas dos grandes poetas, semella que, nesta ocasión, falsea o seu discurso. Debo aclarar que, naquela mesma noite, nun sonho provocado, sen dúbida, polo gasalleiro soneto, soñei que, o que me restase de vida, dedicaría todo o [239] meu alento para merecer eses versos. Supoño que Víctor Campio Pereira, antes de escribilos, tiña noticia deste sonho. Os verdadeiros poetas, os vates, son os que vaticinan.

Cando, dentro de dúas ou tres décadas, se lle dedique a Víctor Campio Pereira o Día das Letras Galegas, os eruditos e os profesores de Literatura preguntaranse por qué houbo que esperar ó ano 2008 para que o noso poeta fose recibido no Parnaso europeo como unha das súas grandes voces. Sexa cal for a resposta, profesores e eruditos agradecerán ó P. E. N. Clube de Galicia a descuberta, e agradecerán, tamén, que o noso P. E. N. lle asignase a Manuel Outeiriño a honra de prologar este extraordinario “corpus” de poemas.

A poesía do mundo é, desde hoxe, máis rica, máis humana, máis nobre, máis cordial, máis grande. E a lingua galega, moito máis prodixiosa.